

## **Bases do VI Concurso de Fotografía “Cidade de Narón” – Fotografía Deportiva**

1. A Concellería de Turismo do Concello de Narón, de conformidade co establecido nas presentes Bases, convoca, como cada ano, o VI Concurso de Fotografía “Cidade de Narón”, dedicado, como gran novidade para este exercicio, á Fotografía Deportiva ou de promoción do exercicio físico relacionada co noso Concello, coas condicións e características recollidas nos seguintes puntos.
2. O concurso é aberto e a el poderán presentarse todas as persoas físicas maiores de idade que o desexen, de xeito gratuíto.
3. Os temas sobre os que versarán as fotografías serán deportivos e relacionados con calquera faceta ou práctica deportiva, non necesariamente competitiva, quedando expresamente excluídas aquelas de carácter lúdico ou recreativo que a xuízo do xurado non encaixen no calificativo “deportivo”, e aquelas outras que inciten á violencia ou poidan atentar contra os valores do deporte. Na imaxe debe recoñecerse con claridade a presenza do Concello de Narón, xa sexa a través de instalacións, exteriores, equipación, escudo ou logotipo do Concello de Narón ou Cidade de Narón. A fotografía deberá estar tomada a partir de setembro do pasado ano 2014.
4. Cada concursante poderá presentar un máximo de 3 fotografías en cor ou branco e negro, con máquina analóxica ou dixital, coas seguintes características:
  - Deberán presentarse obrigatoriamente en soporte dixital. As fotografías deberán ter unha resolución mínima de 1024 x 768 px., e os formatos admitidos serán JPG, TIFF e PNG.
  - Cada fotografía debe levar un título como nome de arquivo.
  - Quedarán excluídas as fotografías con calquera retoque ou alteración manual ou dixital.
  - Poderán opcionalmente presentarse en formato papel, cun tamaño mínimo de 20 x 25 cm. e máximo de 30 x 45 cm. Isto non exime da obrigatoriedade de presentar as fotografías en soporte dixital.
5. Establécense os seguintes premios, que poderán ser declarados desertos e estarán suxeitos ao disposto na lexislación fiscal vixente no momento da concesión:
  - 1º Premio.....750 €
  - 2º Premio.....300 €
  - 3º Premio.....150 €
6. Ningún concursante poderá ser premiado por dous ou máis fotografías que presente ao concurso.
7. Os criterios que serán tidos en conta para a concesión dos premios serán basicamente os seguintes:
  - Captación do momento deportivo (xesto técnico, movemento, plasticidade, etc.)
  - Carácter deportivo ou de promoción do exercicio físico.



- Calidade técnico-fotográfica.
  - Valores deportivos que transmite a composición.
8. O xurado estará formado por:
- Kiko Delgado, fotógrafo profesional de “El Correo Gallego”.
  - Angel Manso, fotógrafo profesional da “La Voz de Galicia”.
  - Jesús G. Taboada, propietario do estudio F64 Fotógrafos de Narón.
  - Lorena Romero, responsable de Prensa do Concello de Narón.
  - Miguel A. López, coordinador do Servizo de Deportes do Concello de Naron.
9. As fotografías presentaranse en forma de plica, do seguinte xeito:
- Nun sobre grande escribirase exclusivamente de forma visible: “VI Concurso de Fotografía Cidade de Narón”, e un pseudónimo libremente elixido polo autor, coa única condición de que non permita que este sexa facilmente identificable.
  - No interior deste sobre incluírase un CD que conteña exclusivamente as fotografías presentadas co seu título como nome do arquivo. Estes nomes, así como o pseudónimo, figurarán tamén visibles na carátula do CD.
  - Xunto ao CD, no interior do sobre grande incluírase un sobre pequeno co pseudónimo escrito no seu exterior. No interior deste sobre introducirase unha folla cos seguintes datos:
    - Pseudónimo, nome, apelidos, NIF, dirección completa, teléfono e correo electrónico do autor.
    - Título das fotografías, cunha breve explicación do lugar e data na que foi realizada.
    - Declaración responsable asinada comprensiva da aceptación destas Bases, da autoría, orixinalidade e inexistencia de premios das fotografías presentadas, e da cesión das mesmas ao Concello de Narón para seren utilizadas en carteis, calendarios, exposicións, folletos e publicidade e propaganda do Concello, sen dereito a indemnización algunha por este feito.
- No caso de que nas fotografías se poida identificar claramente á persoa ou persoas fotografiadas, incluírase unha autorización asinada por estes para que a súa imaxe poida ser utilizada polo autor no presente concurso. Se son menores, a autorización virá firmada polos pais ou titores. A ausencia desta autorización implicará a exclusión automática da fotografía afectada.
- Así mesmo, no interior do sobre grande incluíranse opcionalmente as fotografías en papel co título e o pseudónimo escritos na parte traseira.
10. O lugar de presentación será o rexistro ou o 5º andar da Casa do Concello (Praza de Galicia, s/n, CP 15570, Narón), entre as 8:30 h. do día 03/11/2015 ata as 13:30 h. do 17/11/2015.
11. O fallo do Xurado, que será inapelable, farase público na prensa e na web do Concello no prazo de trinta días naturais, a contar desde a finalización do prazo de presentación establecido.
12. Os premios serán entregados persoalmente nun acto público en data e lugar que se dará a coñecer nos medios anteriores con suficiente antelación.



13. O Concello de Narón resérvase a facultade decisoria no caso de controversia á hora de interpretar estas Bases.